

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

RESOLUCIÓN do 7 de xaneiro de 2015 pola que se convocan, na anualidade de 2015, con financiamento plurianual, as subvencións do Programa de axuda ao alugamento de vivendas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013–2016.

Esta resolución establece, en réxime de concorrencia competitiva, a convocatoria das subvencións para alugamento establecidas no Real decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016 (en diante Plan de vivenda).

Estas axudas réxense pola Orde do 24 de novembro de 2014, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se establecen as bases reguladoras aplicables do Programa de axuda ao alugamento de vivendas do Plan de vivenda.

Esta convocatoria axústase ao disposto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e tramítase ao abeiro da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e 25 de outubro de 2001, polas que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de axudas e subvencións no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos.

Con este fin, na Lei 11/2014, do 19 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2015, habilitanse créditos para o financiamento das axudas ao Programa de alugamento relacionadas co Plan de vivenda.

De conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e coas competencias da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante IGVS) dos artigos 4 e 5 do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se



establece a estrutura orgánica do IGVS, a competencia correspóndelle á persoa titular da Presidencia do IGVS, en consecuencia

RESOLVO:

Primeiro. *Bases reguladoras de axudas ao alugamento*

As bases reguladoras das axudas ao alugamento previstas nesta convocatoria están aprobadas pola Orde do 24 de novembro de 2014, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 236, do 10 de decembro de 2014.

Segundo. *Obxecto*

1. Esta resolución ten por obxecto convocar na anualidade de 2015, con financiamento plurianual, as subvencións do Programa de axuda ao alugamento de vivendas do Plan de vivenda.

2. O procedemento de concesión realizarase en réxime de concorrencia competitiva.

Terceiro. *Orzamento*

1. Nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2015 figuran os créditos a través dos cales serán atendidas as solicitudes de axudas previstas nesta convocatoria e que se poderán outorgar no ano 2015 con cargo aos exercicios 2015 e 2016. As axudas faranse efectivas na aplicación orzamentaria 07.81.451B.480.5 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, por importe de 3.489.600 € para a anualidade 2015 e de 1.744.800 € para a anualidade 2016.

2. As achegas estarán supeditadas ao efectivo financiamento por parte do Ministerio de Fomento, de acordo co estipulado no convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia.

3. No caso de que houber algunhas perdas das subvencións concedidas, o seu importe poderá reasignarse á concesión de novas subvencións, segundo a orde de prioridades establecida nas bases reguladoras, por resolución da Presidencia do IGVS.

Cuarto. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán solicitar as axudas as persoas físicas que cumpran os requisitos previstos no artigo 2 das bases reguladoras.



2. O límite de ingresos da unidade de convivencia, composta polas persoas que teñan ou vaian ter o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada, suxeitarase ao establecido no artigo 6 das bases reguladoras e no Plan de vivenda, e non superarán 3 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (en diante IPREM). En todo caso, inicialmente, só se atenderán as solicitudes que non superen o límite máximo de ingresos da unidade de convivencia.

3. No suposto de que as solicitudes que cumpran este límite non acaden o total das axudas convocadas, poderán atenderse as unidades familiares con ingresos de ata 3 veces o IPREM priorizadas, de acordo cos criterios establecidos no artigo 8 das bases reguladoras.

4. O computo de ingresos para acceder ao programa suxeitarase ao establecido nos artigos 4 e 5 das bases reguladoras.

Quinto. *Renda das vivendas*

1. As rendas mensuais das vivendas non poderán superar os seguintes límites:

a) 600 € para as vivendas situadas nos concellos de zona territorial de prezo máximo superior: A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Ourense e Pontevedra.

b) 500 € para as vivendas situadas na zona territorial 1 (concellos de Ames, Ares, Arteixo, As Pontes de García Rodríguez, Betanzos, Boiro, Cambre, Carballo, Cee, Cedeira, Culleredo, Fene, Ferrol, Melide, Mugardos, Narón, Neda, Noia, Oleiros, Ordes, Oroso, Padrón, Pontedeume, Ribeira, Sada e Teo. Burela, Cervo, Chantada, Foz, Lugo, Monforte de Lemos, Ribadeo, Sarria, Vilalba e Viveiro.

Allariz, A Rúa, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Celanova, Ribadavia, Verín e Xinzo de Limia. A Estrada, A Illa de Arousa, Baiona, Bueu, Cambados, Cangas, Gondomar, Lalín, Marín, Moaña, Mos, Nigrán, O Grove, O Porriño, Poio, Pontecareas, Pontecesures, Redondela, Sanxenxo, Tui, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa).

c) 400 € para as vivendas situadas no resto de concellos, zona territorial 2.

2. No suposto de que a unidade de convivencia necesite unha vivenda de maiores dimensións, por ter a condición de familia numerosa, ou unha vivenda adaptada, por ter un membro con mobilidade reducida, a renda máxima da vivenda poderá acadar os 600 euros mensuais, no caso de estar nun concello da zona territorial 1 do parágrafo anterior, e 500 euros, no caso de estar nun concello da zona territorial 2.



Sexto. *Consentimentos e autorizacións*

1. A tramitación do procedemento require a incorporación de datos en poder das administracións públicas. Os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice o órgano xestor para realizar estas comprobacións, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos, nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

2. As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou informacións previstos nesta norma, salvo que estes xa estivesen en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter algún documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante ou representante a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A presentación da solicitude pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento, en cuxo caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

4. De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o IGVS publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. A publicación incluírá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos



correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Sétimo. *Solicitudes*

1. A solicitude de concesión realizarase mediante a presentación, por parte da persoa interesada, da solicitude que se incorpora como anexo I a esta resolución, debidamente cuberta, á cal se deberá xuntar a documentación que nela se indica consonte o establecido nesta resolución.

2. A solicitude deberá dirixirse á Área Provincial do IGVS onde estea situada a vivenda.

Deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Para a presentación da solicitude será necesario o DNI electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

A documentación complementaria poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada, segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.



A documentación complementaria tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

3. Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

a) Declaración responsable de todas as persoas beneficiarias da subvención, membros da unidade de convivencia (anexo II). No caso de que unha unidade de convivencia estea composta por máis dunha familia, deberá cubrir o número correspondente de follas. Na citada declaración responsable cubriranse as seguintes autorizacións necesarias para a tramitación da subvención e, no caso de non facelo, deberá presentar a documentación para a cal non se autoriza a consulta:

1. Autorización para consultar os datos de identidade no sistema de verificación de datos de identidade ou, no caso de non outorgala, fotocopia compulsada do DNI ou NIE.

2. Autorización para a consulta dos datos de residencia no servizo de verificación de datos de residencia ou, no caso de non facelo, presentación do certificado de empadramento que acredite, na data da solicitude, as persoas que teñen o seu domicilio habitual na vivenda obxecto do contrato de arrendamento.

No caso de persoas que desexen acceder a un arrendamento de vivenda, deberán presentar os certificados de empadramento dos membros da unidade de convivencia no prazo de trinta días desde a resolución da concesión da axuda, que quedará condicionada á súa achega.

3. Autorización para obter por vía telemática as acreditacións relativas ao cumprimento das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e ingresos referidos ao último período impositivo, e a non ter débedas baixo ningún concepto coa Administración estatal tributaria, coa Seguridade Social e coa Comunidade Autónoma de Galicia. No caso de non autorizar, presentaranse as fotocopias compulsadas da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (en diante IRPF) correspondente ao exercicio inmediatamente



anterior á data da solicitude e o certificado das rendas expedido nos termos do Real decreto 3/2004, do 5 de marzo, pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, correspondentes ao conxunto de membros da unidade de convivencia, e os correspondentes certificados acreditativos de non ter débedas coas citadas administracións.

4. Autorización dos membros da unidade de convivencia para realizar a consulta de non ser perceptora doutra subvención, ou ben ser perceptora dunha subvención complementaria.

5. Autorización, de ser o caso, para comprobar a condición de familia numerosa no suposto de documento expedido pola Xunta de Galicia. No caso de non autorizar a consulta, ou de tratarse dun documento non expedido pola Xunta de Galicia, deberá presentarse a citada documentación.

6. Autorización, de ser o caso, para comprobar a condición de discapacidade dos membros da unidade de convivencia no suposto de documento expedido pola Xunta de Galicia. No caso de non autorizar a consulta, ou de tratarse dun documento non expedido pola Xunta de Galicia, deberá presentarse a citada documentación.

7. Autorización para solicitar o certificado acreditativo do Rexistro da Propiedade, ou do Catastro, que acredite que ningún dos membros da unidade de convivencia ten en usufruto, ou propiedade, outra vivenda en territorio español.

8. Autorización para solicitar a información necesaria que acredite que a ningunha das persoas da unidade de convivencia se lle teña revogado ningunha axuda dun plan de venda anterior.

b) No caso de que algún membro da unidade de convivencia non estivese obrigado a presentar a declaración do IRPF:

De ter presentado o modelo de solicitude de devolución 104-105, presentárase copia da notificación-liquidación emitida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Para os que non presentasen o citado modelo de devolución, presentárase declaración responsable de todos os ingresos obtidos, xuntando, ademais, os seguintes documentos: declaración das circunstancias familiares, certificado de retribucións e retencións da empresa ou empresas nas cales estivese de alta no dito exercicio e, se é o caso, certificado de pensións, ou prestacións periódicas, certificado do Instituto Nacional de Emprego e certificados das entidades bancarias de rendementos do capital mobiliario.



c) No suposto de persoas galegas residentes no exterior da Comunidade Autónoma, a xustificación dos ingresos familiares efectuarase mediante copia da declaración do IRPF presentada en España, ou da similar presentada no país onde estean empregadas, autenticada, se é o caso, pola agregadoría laboral correspondente ou delegación consular de España.

d) Acreditación do contrato de arrendamento, mediante a súa achega, con mención expresa da súa referencia catastral, formalizado nos termos da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, en calidade de persoa arrendataria.

No caso de persoas que desexen acceder a un arrendamento de vivenda deberán de indicar en cal das zonas territoriais, referidas no punto quinto, se localizará a vivenda que se vai alugar e comprometerse a presentar o contrato de arrendamento da vivenda nun concello da zona territorial declarada, no prazo de trinta días desde a resolución da concesión da axuda, que quedará condicionada á súa achega.

e) Acreditación, de ser o caso, de pertencer a un dos seguintes sectores preferentes, de acordo co establecido no punto oitavo: mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas afectadas por desafuzamentos, persoas vítimas de terrorismo. A documentación será a establecida no punto oitavo.

f) No caso de nai xestante, certificado médico, ou documentación que acredite o citado estado.

g) Certificado acreditativo da situación de adopción en trámite.

h) As seguintes declaracións responsables e compromisos xa incluídos no anexo I:

1. Declaración de que ningunha das persoas da unidade de convivencia ten recibido subvencións ou axudas para a mesma finalidade ou, de ser o caso, de ter percibido algunha subvención complementaria conforme calquera dos supostos recollidos no artigo 24 das bases reguladoras. Sen prexuízo do anterior, as persoas beneficiarias deberán comunicarlle ao órgano concedente, no momento en que se coñeza, ou en calquera caso antes do pagamento, a modificación das circunstancias contidas nesta declaración, ou calquera outra circunstancia que fundamente a concesión da subvención, de acordo co previsto no artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.



2. Declaración responsable da situación en que están os membros da unidade de convivencia respecto dos sectores preferentes establecidos na normativa.

3. Declaración responsable de que non se lle revogara, a ningún membro da unidade de convivencia, ningunha axuda deste ou dos anteriores plans de vivenda por causa imputable a el.

4. Declaración responsable de que ningunha persoa da unidade de convivencia teña, en propiedade ou usufruto, outra vivenda en España. De acordo co establecido no artigo 11.2 do Plan de vivenda, exceptúase da citada obriga de non ser persoa titular ou usufrutuaria doutra vivenda a quen acredite que non pode dispoñer dela por causa de separación ou divorcio, ou non poida habitala por calquera outra causa allea á súa vontade.

5. Declaración responsable de que a persoa arrendataria ou calquera outra das que teñan o seu domicilio habitual e permanente na vivenda non é socia ou partícipe da persoa física ou xurídica que actúe como arrendadora.

6. Declaración responsable de que a persoa arrendataria ou calquera das que teñan o seu domicilio habitual e permanente na vivenda non ten parentesco en primeiro ou segundo grao de consanguinidade ou afinidade coa persoa arrendadora da vivenda.

7. Compromiso de presentar a documentación acreditativa do pagamento do alugamento no prazo máximo dos dez primeiros días naturais do mes correspondente.

8. Compromiso de comunicar, de ser o caso, o cambio de domicilio da vivenda a outro dentro da Comunidade Autónoma galega no prazo máximo de cinco días desde a sinatura do novo contrato de arrendamento, conforme o artigo.11.2.1 do Plan de vivenda.

9. Compromiso de cubrir os datos do anexo III, para información do Ministerio de Fomento no caso de concesión da axuda.

i) No caso de ter contrato de arrendamento: presentación do xustificante do depósito da fianza, ou indicación do código de procedemento, número de expediente e ano de presentación do depósito da fianza. No caso de descoñecer se foi presentada a fianza, indicárase o seu descoñecemento na folla de solicitude.

No caso de non ter aínda contrato: a fianza presentarase coa presentación do contrato.



Oitavo. *Documentación específica para determinados colectivos*

Coa solicitude presentárase a seguinte documentación específica, no caso de que algunha persoa beneficiaria estea incluída nalgún dos seguintes colectivos:

a) Mulleres vítimas de violencia de xénero: acreditarase coa presentación dalgún dos seguintes documentos:

– Certificación da orde de protección ou medida cautelar, testemuño ou copia autenticada da Secretaría Xudicial da propia orde de protección ou medida cautelar.

– Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare a dita situación.

– Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.

– Informe dos servizos de acollida.

– Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.

– Calquera outro que se estableza legal ou regulamentariamente para a acreditación da dita situación.

b) Familias numerosas: acreditarase conforme o establecido no punto anterior (punto sexto).

c) Persoas con discapacidade: acreditarase conforme o establecido n punto anterior (punto sexto).

d) Persoas afectadas por desafuzamento e suxeitas a medidas de flexibilización das execucións hipotecarias en virtude do establecido no Real decreto lei 6/2012, do 9 de marzo: documentación acreditativa de que a vivenda habitual foi obxecto de proceso xudicial ou extraxudicial de execución hipotecaria.

e) Persoas vítimas de terrorismo: documento oficial que acredite esta circunstancia.

Noveno. *Documentación que deben presentar en caso de concesión da subvención*

No caso de resultar beneficiaria da concesión da subvención, a persoa solicitante deberá cubrir os datos do anexo III, para información do Ministerio de Fomento.



O incumprimento desta condición suporá a imposibilidade de manter os beneficios da subvención por incumprimentos das obrigas do artigo 3 das bases reguladoras.

Decimo. *Órganos competentes para instruír e resolver o procedemento*

De acordo co establecido no artigo 10.2 das bases reguladoras, a instrución do procedemento correspóndelle á Área Provincial do IGVS que corresponda por razón da situación da vivenda, sendo competente para resolver a persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

Décimo primeiro. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento no houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Décimo segundo. *Requirimentos de emenda*

De conformidade co establecido nos artigos 59, 60 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, os requirimentos de emenda poderanse facer mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia* e producirán os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará na páxina web do IGVS.

Décimo terceiro. *Prazo para resolver e notificar*

De acordo co establecido nos artigos 13 e 23 das bases reguladoras, o prazo máximo para resolver e notificar a concesión será de tres meses, contados desde a data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

Unha vez transcorrido o citado prazo, a solicitude de subvención poderá entenderse denegada por silencio administrativo.

Décimo cuarto. *Notificación da resolución*

A resolución notificarase no enderezo que a persoa solicitante tivese sinalado para estes efectos na folia de solicitude. Contra a resolución ditada poderase interpor recurso de



alzada ante a persoa titular da consellería competente en materia de vivenda, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Décimo quinto. *Criterios de valoración das solicitudes*

Os criterios de adxudicación e baremación das solicitudes serán os establecidos no artigo 8 das bases reguladoras.

Décimo sexto. *Prazo de xustificación da subvención*

De acordo co artigo 14 das bases reguladoras, o prazo de xustificación correspondente ao pagamento de cada unha das doce mensualidades realizarase nos dez primeiros días hábiles do mes natural. No caso de contratos de alugamentos xa vixentes na anualidade 2015, xustificaranse as mensualidades desta anualidade, anteriores á data da resolución de concesión, nos dez primeiros días hábiles desde a notificación da citada resolución.

A xustificación final realizarase no momento da xustificación da derradeira mensalidade de acordo co artigo 16 das bases reguladoras.

Décimo sétimo. *Pagamentos anticipados*

Poderanse realizar pagamentos anticipados da renda mensual de ata o 25 % da subvención concedida de acordo co establecido no artigo 15 das bases reguladoras.

Decimo oitavo. *Cambio de domicilio*

Cando unha persoa beneficiaria da axuda cambie o seu domicilio a outro situado na Comunidade Autónoma de Galicia, sobre o que subscriba un novo contrato de arrendamento de vivenda, quedará obrigada a comunicar o dito cambio ao órgano concedente no prazo máximo de cinco días, desde a sinatura do novo contrato de arrendamento, de acordo co establecido no artigo 11.2.1 do Plan de vivenda.

A persoa beneficiaria non perderá o dereito á subvención polo cambio de domicilio sempre que co novo arrendamento se cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras, nesta convocatoria e no Plan de vivenda, e que o novo contrato de arrendamento se formalice sen interrupción temporal co anterior. Neste caso, axustarase a contía da subvención á contía do novo contrato de alugamento, debendo ser igual ou inferior á que se viña percibindo.



Décimo noveno. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Relacións administrativas coa cidadanía e con entidades, cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral do IGVS. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o IGVS, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Área Central s/n, Polígono das Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a aluga.igvs@xunta.es

Vixésimo. *Modelos normalizados*

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados electronicamente accedendo á Carpeta do cidadán da persoa interesada ou presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición adicional única. *Ampliación de contías*

As contías establecidas no artigo terceiro da presente resolución poderán ser obxecto de ampliación por resolución da Dirección Xeral do IGVS, tendo efecto logo da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido no artigo 30 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento de subvencións de Galicia.

